



## II CROSS COMARCAL DE “A MARIÑA LUCENSE”.



### Regulamento

Art.1).- O Club Atletismo Lourenzá, organiza o “II Cros Comarcal da Mariña Lucense”, o próximo día 21 de xaneiro de 2018 na localidade de Lourenzá (Lugo), concretamente nas inmediacións do campo de fútbol da devandita localidade. Proba Oficial da FGA, con distancia non homologada.

Art.2).- Poderán participar todos aqueles atletas federados e non federados, nados no ano 2002 e anteriores.

Art.3).- Categorías.

A nivel individual, homes e mulleres:

Xuvenil/ Sub-18: nados en 2001 - 2002  
Junior/ Sub-20: nados en 1999 - 2000  
Promesa/ Sub-23: nados en 1996 - 1997 - 1998  
Sénior: nados en 1995 ata veteranos.  
Máster A: de 35 a 44 anos (cumpridos).  
Máster B: de 45 a 54 anos (cumpridos).  
Máster C: de 55 a 64 anos (cumpridos).  
Máster D: de 65 anos cumpridos en diante.

**A nivel de equipos**, homes e mulleres: Haberá dúas carreiras, unha feminina, e outra masculina, e en cada unha delas, farase unha clasificación xeral por equipos conxuntamente entre todas as categorías.

Os equipos estarán formados por un máximo de 6 corredores, e un mínimo de 4, e deberán de ser clubs de atletismo.

Para realizar a clasificación por equipos, sumaranse os postos obtidos polos 4 primeiros atletas. Resultará gañador o equipo que menos puntos obteña. En caso de empate, clasificarase en primeiro lugar o equipo cuxo 4º corredor obteña mellor posto.

No caso de que un Club presente máis dun equipo, (“A”, “B”, etc...), deberá de informar á organización, con tempo suficiente, antes do paso dos atletas por cámara de chamadas, de cales son os atletas que compiten en cada equipo.

Art.4).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras: A **carreira feminina** terá lugar ás **12:15 horas** e terá unha distancia aproximada de **2700 m**, (dúas voltas ao circuíto). A **carreira masculina**, terá lugar ás **12:40 horas**, e a distancia será aproximadamente de **5100 m**, (4 voltas ao circuíto).



## II CROSS COMARCAL DE “A MARIÑA LUCENSE”.



Art.5).- As **inscricións** realizaranse a través da web da Federación Galega de Atletismo, **[www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)**, cun custo de **6 euros**.

O **prazo para inscribirse termina o 17 de xaneiro do 2018 ás 20:00 horas**. Non se admitirán inscricións a partir de dita data, nin o mesmo día da carreira.

Art.6).- Os delegados oficiais dos clubs, ou os propios atletas, terán que recoller o seu dorsal no lugar habilitado para o efecto no mesmo recinto da proba, **45 minutos antes do comezo da primeira carreira**. Para recoller o dorsal, deberán acreditar a súa identidade presentando a ficha federativa, DNI, ou documento acreditativo.

Art.7).- **Todos os atletas, deberán de pasar pola cámara de chamadas, 15 minutos antes da saída da súa proba**. Os atletas accederán á zona de saída coa roupa de competir.

Art.8).- **Os atletas deberán utilizar o dorsal (con chip incorporado), outorgado pola organización, de forma totalmente visible en toda a súa superficie, portándoo na parte dianteira á altura do peito**. O incumprimento desta norma, será motivo de descualificación. Será igualmente motivo de descualificación, manipular o dorsal, non realizar todo o circuíto da carreira, así como falsificar os datos persoais.

Art.9).- **Premios:** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría. Entregarase trofeos aos tres primeiros equipos clasificados. Igualmente, entregarase trofeo aos tres primeiros clasificados na xeral. É de obrigado cumprimento acudir ao protocolo da entrega de premios.

Art.10).- Todos os atletas, polo feito de inscribirse, aceptan a publicación tanto do seu nome, como da súa imaxe nas clasificación da proba, como nos medios de comunicación e na internet.

Art.11).- A organización conta co contrato do seguro pertinente de acordo coa normativa vixente.

Art.12).- A organización da proba, resérvase o dereito de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada no presente regulamento.

Art.13).- A participación na proba, leva implícita a aceptación do presente regulamento. As reclamacións deberán ser presentadas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 min despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por este, poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 60 euros ao Xurado de Apelación.



## II CROSS COMARCAL DE “A MARIÑA LUCENSE”.



Todo o non disposto no presente regulamento, rexeráse polas normas da FGA, RFEA e IAAF, para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

**INFORMACIÓN ADICIONAL:** - Dispoñeráse de vestiarios e duchas ao final da proba para os atletas nos vestiarios do campo de fútbol de Santa Cruz (Lourenzá).

**ASISTENCIA MÉDICA Y SEGUROS:** La organización contará con servicios médicos y ambulancia en la zona de salida/meta.

Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifieste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A organización non se fará responsable de calquera tipo de dano material ou moral que se poda ocasionar como consecuencia da participación voluntaria neste evento. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolveráse de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ránking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.